

## Retallos de mundo: Manchester, escenario de transformaci3ns sociais

Poio

29 de marzo 2026

[Xes3s Constela](#)

[https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/retallos-mundo-manchester-transformacions-sociais-xesus-constela\\_515774\\_102/5236893.html](https://www.pontevedraviva.com/es/cultura/retallos-mundo-manchester-transformacions-sociais-xesus-constela_515774_102/5236893.html)

O escritor Xes3s Constela percorre neste artigo a cidade de Manchester amosando o cambio desta cidade a partir da Revoluci3n Industrial con movementos sociais.

Situada no noroeste de **Inglaterra**, ao abrigo dos *montes Peninos* e non moi lonxe do mar de Irlanda, nun territorio onde os r3os e as v3as de comunicaci3n favoreceron o intercambio e a actividade industrial, **Manchester** coñeceu o seu primeiro gran desenvolvemento cando deixou de ser unha vila agr3cola e comercial para se converter, a finais do s3culo XVIII, no coraz3n palpitante da **Revoluci3n Industrial** que acabaría por mudar o mundo por completo.

Mais Manchester volveu evolucionar por segunda vez entre o ru3do constante das m3quinas e o po espeso do algod3n, cando os seus habitantes, sometidos a xornadas laborais intermin3beis, salarios indignos e condici3ns de vida extremas, comezaron a organizarse colectivamente para reclamar dignidade, dereitos laborais, voz pol3tica e un futuro m3is xusto, de tal xeito que as f3bricas e as r3as foron transform3ndose en espazos de **conciencia e de loita**.

Dende ese momento, a historia de Manchester quedou fundamente ligada 3 dos **movementos sociais modernos** para se converter nun escenario no que a explotaci3n industrial deu paso 3 organizaci3n obreira, 3 protesta pol3tica e 3 construcci3n dun legado de loitas que marcar3a non s3 o **Reino Unido**, sen3n o conxunto do **mundo contempor3neo**.

Co avance da industrializaci3n, o crecemento foi vertixinoso e provocou que milleiros de persoas abandonasen o campo atra3das pola crecente oferta de traballo nas f3bricas t3xtiles, especialmente as do algod3n. Tan pr3spera chegou a ser esta industria que o Manchester da 3poca foi coñecido como **Cottonopolis**, mais esa aparente riqueza agochaba unha realidade moi dura de explotaci3n infantil, vivendas insalubres e condici3ns de vida extremas, que converteron

a cidade nun laboratorio social, onde, canto máis severas eran as condicións, antes espertaba a conciencia colectiva.

Cando cheguei a Manchester, desexoso de procurar a pegada que deixaran eses grandes movementos sociais, o primeiro que fixen foi instalarme no **vello hotel Britannia**, no centro da cidade, que ocupa un antigo almacén téxtil vitoriano de 1856, símbolo da industria do algodón, porque me pareceu o lugar ideal para comezar a miña visita.

Dediquei o meu primeiro día a tomar contacto coa cidade, sempre animada e vibrante, e por iso visitei a **Casa do Concello**, unha esplendorosa xoia vitoriana deseñada por **Alfred Waterhouse**, o mesmo arquitecto que construíu o **Museo de Historia Natural de Londres**, o que dá unha boa idea da enorme riqueza que se manexou nas épocas douradas da industria téxtil. Achegueime tamén á catedral gótica e renacentista dos séculos XV e XVI, un gran espazo de uso relixioso e cultural, e a **Shambles Square** para ver os seus vellos edificios medievais de madeira, e tamén á imponente Biblioteca Central, cun exterior de templo neoclásico e un interior dominado por un gran espazo circular con galerías e claraboias que inundan de luz a soberbia sala de lectura, e despois ao meu edificio favorito, a **John Rylands Library**, unha das bibliotecas máis importantes de Europa, cunha estética gótica vitoriana, solemne e maxestosa, con arcos, vidreiras, esculturas e intrincadas librarías, inaugurada en 1900 como homenaxe ao industrial do algodón John Rylands, un dos grandes mecenas da educación e a cultura da cidade.

O día seguinte dediqueino a pasear por Manchester para visitar os grandes escenarios da Revolución Industrial. Comecei polo magnífico **Museo da Ciencia e a Industria**, situado na histórica estación de tren de **Liverpool Road**, que conserva os altos teitos de ferro e ladrillo da década de 1830 e expón máquinas e instrumentos para a produción de algodón, así como locomotoras, vagóns e vehículos que ilustran a evolución do transporte industrial e amosan o ambiente dunha fábrica do século XIX.

Visitei tamén os canais de Rochdale e Bridgewater, que conectaban fábricas, almacéns e peiraos para o transporte de mercadorías con moita máis eficiencia que por estrada, e converteron o **barrio de Castlefield**, na beira do río Irwell, nun animado porto interior con barcos, grúas e inmensos almacéns de ladrillo durante os séculos XVIII e XIX.

Sorprendeume de xeito moi grato ver como unha zona industrial que acabara abandonada e moi deteriorada, puido transformarse nun espazo de paseo e ocio que ofrece un fascinante contraste entre o pasado industrial e a vida urbana dunha **cidade moderna e ben deseñada**.

Despraceime logo para **pasear sen présa** polo barrio de Ancoats, un antigo distrito industrial cheo de almacéns e fábricas de ladrillo vermello, rúas estreitas e arcos de ferro, que conserva intacto o seu patrimonio industrial, aínda que reconvertido nun espazo urbano moderno con cafés, restaurantes, galerías, espazos culturais e residencias. A súa arquitectura histórica e o seu ambiente único fan que se utilice como escenario habitual para a rodaxe de películas e series de gánsteres, porque evoca de xeito perfecto o espírito do **Chicago dos anos da Lei Seca**.

Pero a miña zona favorita da cidade, no que ao seu pasado industrial respecta, descubrina en **Salford Quays**, que foi un importante complexo portuario creado a finais do século XIX, que permitía aos barcos chegar á cidade desde o **Mar de Irlanda** para converter o lugar nun centro clave do comercio de algodón, carbón e outras mercadorías.

Tras o declive industrial, a área ficou abandonada até que a finais do século XX foi rexenerada e transformada nun **espazo urbano moi moderno**, con paseos á beira da auga e edificios de

arquitectura contemporánea que non evitan que se manteña viva a memoria do glorioso pasado portuario.

Rematei esa segunda xornada cunha visita ao **People's History Museum, Museo da Historia do Pobo**, que, da man de carteis, pancartas, folletos, xornais, fotografías e moitos obxectos históricos, me agasallou cunha inesquecível viaxe a través dos movementos sociais, obreiros e democráticos do Reino Unido, con especial atención á loita polos dereitos laborais, a liberdade sindical, a educación pública e a reivindicación do sufraxio universal. Abofé que foi un dos museos máis interesantes que visitei na miña vida.

No meu terceiro día decidín mergullarme de cheo nos lugares que me poderían evocar o **Manchester máis reivindicativo**, que era o propósito inicial da miña viaxe a unha cidade que a comezos do século XIX decidiu enfrontarse a quen fixese falla para reivindicar uns irrenunciábeis dereitos sociais e laborais.

Despraceime entón a **St Peter's Square**, en pleno centro, para visitar o **Memorial do Masacre de Peterloo**, un tributo á traxedia do 16 de agosto de 1819, cando unha manifestación pacífica de case oitenta mil persoas que reclamaban sufraxio universal e reformas políticas foi reprimida con tanta violencia polas tropas do exército británico, que houbo dezoito mortos e arredor de seiscentos feridos.

O memorial, pensado para que o visitante sinta o peso histórico do suceso, ten un deseño cargado de significado, con placas de pedra e bronce que identifican as vítimas e explican os feitos, mentres que as superficies e as texturas crean sensación de movemento, evocan a **forza esmagadora da represión** e permiten reflexionar sobre a loita polos dereitos civís.

A violencia deste suceso acelerou de tal xeito o proceso de organización obreira, que non tardaron en xurdir as primeiras **Trade Unions**, sindicatos, daquela ilegais, destinados a defender salarios e condicións laborais, que levaron a Manchester a se converter nun dos centros fundacionais do sindicalismo no Reino Unido.

Xunto a todas estas protestas, os traballadores tamén impulsaron o cooperativismo, crearon sociedades de consumo, bibliotecas obreiras, e escolas nocturnas. Manchester non só se rebelaba, senón que tamén aprendía e deseñaba **alternativas para unha mellora social**.

Logo do memorial de **Peterloo**, fun visitar outro monumento que homenaxea á gran **Emmeline Pankhurst**, pioneira na loita polo dereito ao voto das mulleres, cuxas accións máis directas e audaces, como protestas e desobediencia civil, chamaron a atención sobre a desigualdade de xénero e acabaron por convertela nunha das figuras máis destacadas do movemento sufraxista, que loitou por garantir ás mulleres o dereito ao voto e a plena participación na vida política.

O monumento preséntaa erguida con firmeza, determinación e coraxe, e inclúe placas que explican a súa biografía e as súas contribucións á **igualdade de xénero**, polo que se converteu un lugar de memoria e inspiración que reflicte o senlleiro papel de Manchester no movemento feminista.

Acabei esta visita aos lugares máis importantes onde se desenvolveron os grandes cambios sociais na cidade no parque de **Sackville Gardens**, preto de Canal Street, onde, sentada nun banco, está a escultura que homenaxea a **Alan Turing**, un dos pais da informática moderna.

Durante a **Segunda Guerra Mundial**, Turing deseñou un dispositivo mecánico chamado **Bombe**, capaz de descodificar as mensaxes da máquina *Enigma*, utilizada polos nazis para se comunicar

de forma secreta, acelerando así a súa derrota. Homosexual nun tempo en que isto era ilegal e estaba perseguido no **Reino Unido**, en 1952 foi procesado por “indecencia grave” e sometido a castración química, circunstancia que, entre outras, o levou ao suicidio en 1954.

A estatua está neste parque preto de **Canal Street**, porque durante os anos setenta, oitenta e noventa do século pasado, en paralelo ás loitas sindicais, o activismo pola **diversidade sexual e de xénero** enfrontouse á represión legal e á violencia social, facendo que a cidade acollese grandes manifestacións e campañas que contribuíron decisivamente á conquista de dereitos civís e ao cambio de mentalidade social. Hoxe, esa loita forma parte inseparábel do tecido social e político de Manchester.

Dende o sangue derramado en Peterloo até o sindicalismo moderno, dende o feminismo até a defensa dos dereitos da diversidade sexual e de xénero, a cidade soubo demostrar que os dereitos sociais non caen do ceo, senón que se teñen que **construír de xeito colectivo**.

Poucas cidades fixeron dese proceso de construción unha memoria tan fonda e tan **viva como Manchester**, polo que sempre terei na mente esta viaxe á súa historia, que ten moito de loitadora e reivindicativa.